



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 4 DE XULLO DO 2019.

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día catro de xullo do dous mil dezanove, reúnen os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión do pleno extraordinario, convocado para dito día ás vinte horas, dando comezo a esa mesma hora.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo Municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. María del Pilar Espinosa Novelle, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez, D. Manuel Rodríguez Martínez, D. Victor Manuel Rodríguez López.

Grupo Mixto: Dna. M^a Isabel García Díaz (EspertaMonforte!) e D. Emilio José Sánchez Iglesias (Bloque Nacionalista Galego)

Interventora acctal.: Dna. María I. Buján Arias.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

ORDE DO DÍA:

Pleno Extraordinario 04.07.2019



1. ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORGANIZATIVA DO 20 DE XUÑO DO 2019.

Intervén D^a Isabel García Díaz para manifestar que ten varias cuestións. O parágrafo introdutorio do punto 2, di que esa dación de conta semella un copia e pega do 2015. Realmente non figura nada do que se deu posteriormente nunha carpeta.

Na páxina 3 no segundo parágrafo, di que o informe de Secretaría fala, a constitución desa intención viña relatado nun informe do día 17, e non figura na acta. Di que non recolle o que debería recoller, esa proposición de grupo mixto ven nun informe datado do día 17, e non está recollido.

O Alcalde manifesta que este é un punto que se refiere a unha dación de conta, non é o que pida D^a Isabel García Díaz. As dacións de conta son así.

De acordo coas indicacións do Sr. Alcalde, toma a palabra o Sr. Secretario para manifestar que a representante de Esperta Monforte! envioulle un correo electrónico, donde facía constar que debería de incorporarse á acta a data do informe, 17 de xuño, e que pola Secretaría incorporouse á acta esa matización. A representante de Esperta Monforte!, manifesta que comprobará tal circunstancia.

Coa inclusión da referencia á data de 17 de xuño, do informe do Secretario, é sometida a votación a acta, apróbase, con 15 votos a favor (dez dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista, do Grupo Municipal do PP e do representante do BNG (Grupo Mixto) e un voto en contra da representante de Esperta Monforte! (Grupo Mixto).

2. CONVALIDACIÓN ACORDO XGL DE DATA 06.05.2019 RELATIVO Ó EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN 031-SERPA18.

O ditame é favorable á proposta, por sete votos a favor (siete do Grupo Municipal Socialista e un do Grupo Mixto, Bloque Nacionalista

Pleno Extraordinario 04.07.2019



Galego) e dúas abstencións (Grupo municipal do PP) e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na proposta do expediente:

“ANTECEDENTES

1. Proposta de aprobación do expediente de contratación do SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (EXP.031-SERPA18).
2. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 06.05.2019, de aprobación do expediente citado e apertura da adxudicación mediante procedemento aberto e por tramitación ordinaria, con varios criterios.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 52.1, en relación co 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece a posibilidade da Administración de convalidación dos seus actos.
2. O artigo 51 da citada Lei recolle o principio de conservación de actos e trámites que se tiveran mantido igual de non existir o vicio ou defecto que se subsana.
3. A disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,(en adiante LCSP), establece que corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación nos contratos cuxo valor estimado supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento municipal ou sexa superior a 6.000.000 de euros cando a súa duración sexa superior a catro anos, incluídas as eventuais prórrogas. No presente caso o valor estimado é de 721.314,40 €, dentro das competencias da Xunta de Goberno Local, pero como a súa duración é de dez anos, o

Pleno Extraordinario 04.07.2019



FIRMAS Y FECHAS

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 15/07/2019
JOSE TOME ROCA-Alcalde - Presidente - 15/07/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/07/2019 12:19:31



órgano competente para a aprobación do expediente sería o Pleno.

4. En base ao disposto no artigo 51 da Lei 39/2015, procede a conservación dos actos posteriores cuxo contido non tivese variado de terse producido a aprobación polo Pleno.

Por canto antecede, elévase ó Pleno da Corporación a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO:

1º.- CONVALIDAR os acordos da Xunta de Goberno Local de data 06.05.2019, de aprobación do expediente de contratación do SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (EXP.031-SERPA18) polo importe de 793.445,90 €. (IVE incluído) e cun prazo de duración de 10 anos.

2º.- DISPOÑER a conservación dos actos e trámites posteriores derivados da aprobación do expediente, os pregos de cláusulas administrativas e técnicas particulares, a aprobación do gasto e a apertura da adxudicación mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, con varios criterios.”

Aberto, polo Sr. Alcalde, o debate de seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela Fernández dicindo que lle parece unha medida populista, e que non lle parece unha medida eficiente e adecuada. Explica que as rutas lle parecen escasas e repetitivas, tendo en conta a realidade xeográfica de extensión e de poboación envellecida e que non hai asiduidade. Di que hai un problema nas parroquias que non están conectadas. Lembra que hai un sector do transporte público que é o taxi, di que o Concello vaise enfrontar a unha grave crise no sector do taxi. Di que vai a empezar a traballar a empresa Cabify, con tres turismos. Pide que haxa máis colaboración neste sector.



Intervén o Sr. Alcalde, dicíndolle a D^a Katherinie que a ela pode parecerlle unha medida populista pero ao Alcalde parécelle unha medida social. As rutas, se poden modificar en función do que se crea máis oportuno. Non se pode ter un autobús urbano para ás parroquias. Manifesta que procede que se dirixa ao Sr. Feijoo para que poña ese servizo nas parroquias, iso non o hai nin nas cidades grandes. Fala que que habiliten os autobuses escolares para que as persoas poidan desprazarse. Expresa que se espera facer unha ordenanza que regule o servzio do taxi. Dille que é un erro que voten en contra a un servizo social.

Intervén D. Emilio José Sánchez Iglesias manifestando que se trata de seguir coa tramitación, gustaríalle saber como está o expediente e en que trámite. Manifesta igualmente que ten bastantes lágoas.

Intervén D^a Isabel García Díaz preguntándolle ao Sr. Alcalde que lle gustaría que a asesorase en canto a que, de non pedir a primeira intervención, non poden ter a segunda. En que parte do ROF figura.

D^a Katherinie Varela Fernández di que non está en contra de ningunha medida social. Di que debe limitar a gratuidade xeral e segue manifestando que lles parece unha medida populista.

Intervén o Sr. Alcalde comentando o estado do expediente que se está pendente de reunir a Mesa de Contratación. Están as ofertas presentadas. Contéstalle a D^a Isabel que lea ben o ROF, xa o di. Para aqueles que piden o primeiro turno poden ter un segundo.

Continúa expresando que os recursos públicos hai que optimizalos, e o equipo de goberno quere facer un servizo público para tódolos cidadáns, igual que a sanidade e igual que a educación. O Grupo Municipal Popular ten outro prantexamento, pero nós temos este.

Neste punto o Alcalde pon de manifesto que a Concelleira Dna. Margarita López Rodríguez se atopa de viaxe e non pode estar no Pleno, polo que disculpa a súa ausencia.



Sometido o asunto a votación, apróbase con 10 votos a favor do Grupo Municipal Socialista, catro votos en contra do Grupo Municipal do PP e dúas abstencións do Grupo Mixto.

3. ORZAMENTO XERAL DE 2019 DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS: ORZAMENTO DA ENTIDADE LOCAL E DO ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS. BASES DE EXECUCIÓN, CADRO DE PERSOAL, TEITO DE GASTO, MASA SALARIAL DO PERSOAL.

O ditame á favorable á proposta do expediente, por seis votos a favor (Grupo Socialista) e tres abstencións, dúas do Grupo Municipal do PP e unha do Grupo Mixto (BNG), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na proposta do expediente:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Monforte de Lemos e o seu organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias para o exercicio económico 2019, que cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira, e a documentación anexa e complementaria que se une ó expediente, que ascende a **12.933.051,11 €**, xunto coas súas Bases de execución, que resumido por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE CONSOLIDACIÓN ORZAMENTO 2019				
GASTOS				
2019	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	4.467.027,43	267.868,86		4.734.896,29
CAPITULO II	6.682.869,52	19.100,00		6.701.969,52
CAPITULO III	8.393,35			8.393,35
CAPITULO IV	1.044.667,05		286.968,86	757.698,19
CAPITULO V				0,00

Pleno Extraordinario 04.07.2019





SECRETARIA

TOTAL	12.202.957,35	286.968,86	286.968,86	12.202.957,35
CAPITULO VI	661.044,45			661.044,45
CAPITULO VII	41.949,31			41.949,31
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	21.100,00			21.100,00
TOTAL	730.093,76	0,00	0,00	730.093,76
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	12.933.051,11	286.968,86	286.968,86	12.933.051,11

INGRESOS				
2019	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	5.266.773,57			5.266.773,57
CAPITULO II	100.000,00			100.000,00
CAPITULO III	2.099.303,26			2.099.303,26
CAPITULO IV	5.393.729,04	286.968,86	286.968,86	5.393.729,04
CAPITULO V	67.245,24			67.245,24
TOTAL	12.927.051,11	286.968,86	286.968,86	12.927.051,11
CAPITULO VI				0,00
CAPITULO VII				0,00
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX				0,00
TOTAL	6.000,00	0,00	0,00	6.000,00
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	12.933.051,11	286.968,86	286.968,86	12.933.051,11

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual, segundo figura no expediente.

TERCEIRO.- Aprobar o teito de gasto de acordo coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para o exercicio 2019 de acordo cos cálculos da regra de gasto :

LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE FINAL CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS:	2,7%	11.397.037,58
--	------	---------------

Pleno Extraordinario 04.07.2019



LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE ORGANISMO AUTÓNOMO: I.M.D.	2,7 %	280.617,36
--	-------	------------

CUARTO.- Aprobar a masa salarial do persoal laboral do Concello, que ascende a 1.052.972,34 €, e do I.M. de Drogodependencias 178.392,76 €.

QUINTO.- Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2019, as Bases de Execución e o cadro de persoal aprobados, por un prazo de quince días hábiles, computando o prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ó público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

SEXTO.- Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

SÉTIMO.- Remitir copia á Administración do Estado, así como, á Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma, a través das plataformas habilitadas ó efecto.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez Iglesias. Manifestando que cambiaron as circunstancias moito. Di que os orzamentos son unha ferramenta para que o Concello poda traballar. Di que hai modificacións importantes, como a creación do Grupo Mixto e que se atopa unha dedicación exclusiva a maiores. Se no pleno de organización falouse de aforro, non o entende. Fala de diferencias. Di que os orzamentos son continuistas que aparecen inversións, que lle gustaría que aparecesen nominadas, como inversións en reposición de rúas pero non aparecen os nomes. Di que aparece un investimento no Parque Dr. López Suárez, o que agradece, xa que eles presentaron unha moción en relación con este parque na lexislatura pasada. Gustaríalle que aparecesen estes investimentos, do mesmo xeito que as persoas que van ter esas dedicacións. Di que lle chama a atención unhas transferencias de capital, para unha



aportación ao convenio para a redución de vertidos. Anteriormente aparecía unha aportación de 200.000, euros e agora aparece 20.000 euros, e gustaríalle saber que é o que mudou, daquela proposta de presupostos, ata agora. Manifesta que os Orzamentos seguen sendo continuistas. Di que son conscientes que van sair adiante, apoiándose nesa maioría que ostentan, pero lle gustaría que nos próximos orzamentos, se tivese en conta máis tempo de estudo, incluso poder presentar enmendas e demáis. Que non se fagan ás présas e correndo porque ás présas non son boas.

Intervén D^a Isabel García Díaz dicindo que o Alcalde ten a maioría absoluta e a capacidade de demostrar cales son as súas prioridades para este Concello. En relación co número de Concelleiros/as preciso para constituir un grupo, fala de que viu unha película, onde figura unha frase que di: “un so apache pode ser grupo”.

Intervén a Portavoz do Grupo Municipal do PP, manifestando que vai realizar unhas observacións da maneira máis humilde posible. A estrutura do propio orzamento non lles parece a adecuada. Di que deben estar expostos aos cidadáns e non son para nada claros. Se remite ao art. 167 do TRLRHL, no que se cita na Memoria da Alcaldía, que di, en canto á clasificación económica, que consta de tres niveis, e que esta clasificación pode aumentar nun ou dous niveis máis. Considera que estos orzamentos son un pouco liosos, é preciso ir dun lado para outro para enterarte ben de cal vai ser o gasto. Na Memoria da Alcaldía soamente explícanse dous díxitos. Por outra banda, recórrese moito á “limpeza e aseo”, e a “estudos e traballos técnicos”. Hai grandes cantidades de diñeiro que non se especifican. Polo que se refire aos anexos, é todo como moi xenérico. Chama atención o Programa 231, relativo á asistencia social primaria, que invirte 1.203.000 €. O mesmo ocorre na clasificación 162 e 163. Di que se isto está a disposición dos cidadáns, é pouco claro. Fala dunha inversión de 3.500.000 € que os cidadáns non saben, exactamente, a onde vai. Di que se completen os orzamentos coa información máis detallada. Continúa expoñendo que na memoria de persoal os anexos, que se xuntan ao orzamento, parecéndelle ineficientes e pouco claros e que falta a RPT. Manifesta que o art. 90



FIRMAS Y FECHAS

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 15/07/2019
JOSE TOME ROCA-Alcalde - Presidente - 15/07/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/07/2019 12:19:31



da LRBRL, fala da plantilla de persoal. Dende o Partido Popular esixen que se aprobe unha RPT. Reitera que lle parecen pouco claros os orzamentos, e considera que é importante que se completen con eses anexos. Hai poca exactitude onde van as inversións e botan de menos adaptación de parques a nenos con discapacidade, máis inversións en cultura, como pode ser o Camiño de Inverno, en zonas peatonais, pouca inversión en urbanismo, o Plan Xeral e inversión no medio rural. Solicita a rebaixa do IBI, que segue a ser caro, e refírese a unha revisión catastral que os cidadáns a van notar no vindeiro ano, e é importante que os cidadáns saiban que coeficiente se lles aplica, non só as cantidades.

Intervén o Sr. Alcalde, agradecendo ao representante do BNG que, en novembro, se houbera absterido. Esta responsabilidade que tivo non a tiveron outros e, como tiñan máis votos que o Goberno, non se aprobaron. Di que aquela decisión irresponsable, que se tomou por outros grupos, perxudicou bastante ás asociacións e clubs deportivos do Concello. Manifesta que se poden criticar os orzamentos, pero a quen se perxudica é aos veciños e veciñas de Monforte, que dalgunha maneira teñen actividades que dependen do orzamento, pero isto vaise intentar correxir. En relación coas dedicacións exclusivas, manifesta que quedou explicado no Pleno de organización. Reitera que vai haber tres dedicacións exclusivas, as mesmas que había cando gobernaba o BNG, con nove representantes, mentres que agora teñen 11 representantes. Por certo, menos que en Pobo de Brollón que con cinco concelleiros teñen catro dedicacións exclusivas, ou no Saviñao, que teñen tres. Fala que resisten perfectamente a comparación. En relación con quen son, manifesta que usaránse en función das necesidades do goberno. En relación co Parque López Suárez, ten razón, explica que se non se fixo antes, foi porque pediuse unha axuda á Xunta e finalmente foi denegada. A mellora do Parque, que xa se fixo, en parte, vaise facer con fondos propios. É o compromiso cos veciños da zona da Estación e vaise a facer.

En relación con convenio coa Confederación Hidrográfica, manifesta que agora estamos no mes de xullo, a Confederación Hidrográfica,



deberían ter máis adiantado os presupostos pero que inda se está redactando neles. De momento soamente hai que aboar a parte da redacción do proxecto. Por iso figuran os 20.000,00 euros neste ano, non vai haber máis neste exercicio. Supón que no ano que ven se licitará.

En canto a entrega dos orzamentos, este é un tema recorrente, e sempre se fixo con dous días de antelación. Cumpriuse a lei, con dous días de antelación.

En relación coa intervención da representante de Esperta Monforte!, manifesta que lle encantou o seu exemplo. É un exemplo de cine, que se define por si só. E non lle vai a contestar por que senón habería que falar, que hai moitos tipos de indios.

En releación coa intervención da Portavoz do Grupo Municipal Popular sobre a falta de claridade dos orzamentos, di que hai unha norma como se regulan os presupostos, e por iso se fan así. Manifesta que si estes lle parecen pouco claros, non vaia os da Xunta de Galicia ou do Estado. No que atinxe ao tema de persoal, figura quenes son laborales, quenes son funcionarios e o que cobran e de que servizo son. Existe total claridade, polo que non entende a que se refire cando dice que son poucos claros

En relación co Camiño de Inverno, hai que poner de manifesto que é titularidade da Xunta de Galicia, non é do Concello. De feito, a Xunta ten asinado un contrato cunha empresa para ir reparando o treito do Camiño de Inverno, entre outros. Quén ten a competencia, ten a competencia. Si eso afectara de xeito importante e perxudicara aos veciños de Monforte, se tomarían medidas. En relación co PXOM explica que non daría tempo a licitalo, e a facelo moito menos. Ó Concello de Quiroga levoulle 13 anos aprobalo, tendo maioría absoluta. En Monforte tamén estaba sen facer o Plan Especial e afortunadamente vai haber Plan Especial neste ano. Manifesta que o compromiso é que neste mandato vai estar iniciado o Plan Xeral, pero levará tempo. No que atinxe ao IBI, manifesta que non se poden pedir que se fagan cousas e ao mesmo tempo que se rebaixe o IBI.



FIRMAS Y FECHAS



Pon de manifesto que o Goberno Municipal non subiu o IBI o que o fixo foi un Decreto do Sr. Montoro. Que o Concello de Monforte non pediu revisión catastral, pese a que foi notificado. Non se vai a subir ningún imposto que dependa do Concello, manteranse os impostos tal e como están agora mesmo.

Intervén D. Emilio José Sánchez Iglesias dicindo que non lle quixo entender o que lle dixo. Nadie discute que cumpre a Lei, pero gustaríalle que nos orzamentos do 2020 teña a ven dar máis tempo para poder estudialo. Sobre o que pasou antes, cada un que teña conta das súas verbas. Con relación a que noutros sitios haxa dedicacións exclusivas, manifesta que en ningún momento recrimina que haxa tres, se son precisas. O que lle gustaría é que fosen totales, non parciais. Fala de que existe unha dobre vara: no pasado Pleno querían aforrar por un grupo, so é cuestión de ter unha opinión diferente. O responsable de non ter orzamento é quen goberna. Quen ten a culpa e discutibel. Se non ten orzamentos é o responsable o que goberna. Non vai votar a favor, polo que estivo falando e porque hai cousas que faltan. Por exemplo, faltan partidas específicas para abordar un tema tan importante como é o do despoboamento.

Intervén D^a Isabel García Díaz manifestando que quere que quede claro que non vai cobrar nada pola asistencia a este Pleno, e así favorece a melloría dos presupostos de Monforte.

D^a Katherinie Varela Fernández fala da comparación dos presupostos con outras institucións. A ela importánlle os de Monforte. Sobre todo no que os cidadáns poden percibir. Reitera o contido do artigo 167 da Lei de Facendas Locais. Di que é importante que os cidadáns saiban onde vai o seu diñeiro. Sobre o Camiño de Inverno, efectivamente é competencia da Xunta de Galicia, pero si pasa pola cidade se debe colaborar. Poñe como exemplo que se permita poñer un mojón á entrada da cidade, cousa que non se permite. En canto o PXOUM di que todos deben colaborar para levalo adiante. En canto ao IBI, di que o Concello de Monforte, se quere, o pode rebaixar. Finaliza anunciando o seu voto en contra aos presupostos.



Intervén o Sr. Alcalde respostándolle ao representante do BNG que non lle preocupa darlle máis tempo, pero neste momento o compromiso era este, que houbera presupostos no mes de xullo. Polo tanto fíxose en tempo e forma, conforme á lei.

En relación coas dedicacións exclusivas, manifesta que están claras en contra das dedicacións encubertas noutros concellos. Como exemplo cita concellos nos que se perciben 350 euros, por dieta de asistencia, e formalmente non hai dedicación exclusiva. Comunica que espera que, no vindeiro presuposto pódanse actualizar as do Concello de Monforte. Neste sentido fala de que concellos ao arredor que as teñen bastante máis altas.

Sobre a responsabilidade de presentar os orzamentos en tempo e forma, manifesta que é certo que é do equipo de goberno, pero a responsabilidade de aprobalos, non. Pon de manifesto, en relación coa petición da inclusión no orzamento dunha partida do despoboamento, que non se lle pode pedir ao Concello de Monforte, se non o fai a Xunta.

En relación coa intervención de dona Maribel, manifesta que, no tema dos indios, non entra. Pode renunciar ao que estime oportuno, se lle parece que esa é unha posición útil.

En relación coa afirmación da voceira do Grupo Municipal Popular, sobre as comparacións. Explica que hai unha cousa que se chama dereito comparado. En tódolos gobernos autonómicos, estatales, etc, eso se fai. Compáranse con outros países que están nas mesmas circunstancias. Si cada asociación quixera un mojón donde lle dera a gana non sería posible, ademáis eso non ten nada que ver co PXOM. Aclara que non se lle dixo que non. Se lle dixo que non, no casco urbano.

Di, para rematar o debate, que estes presupostos, os resumiría no seguinte:



- a) son uns orzamentos para cumprir un compromiso
- b) son uns orzamentos sociais, neste sentido cita o aumento das emerxencias sociais e se comparamos isto con presupostos de fai 5, 6, 7 anos, hai 400.000 euros máis do que había en servizos sociais.
- c) son uns orzamentos que están destinados a seguir mellorando a cidade en aspectos como a promoción económica, a Feira Medieval, etc. O Festival do Viño está aí, así como as Festas Patronais. Os clubs deportivos, asociacións culturais, sociais, etc, agora van poder recibir as subvencións, aínda que é certo que o presuposto hai que aprobalo a principio de ano, para que poda ser útil.

Unha vez finalizado o debate e sometido o asunto a votación queda aprobado por dez votos a favor, dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista e seis votos en contra dos concelleiros do Grupo Municipal do PP e do Grupo Mixto.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo ás vinte horas e cincuenta e dous minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e Prace.
O Alcalde,

